

CUADRANTE



Nº 3

*Los Amigos
Villanueva de Arousa*


Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

CASA DA CULTURA, VILANOVA DE AROUSA.

APARTADO DE CORREOS Nº 66

Xullo de 2001

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Consello de Redacción:

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Marcela Santórun (*ilustración capa e pax. 37*)

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

SUMARIO:

Xosé Ramón Barreiro Fernández

“Francisco María del Valle-Inclán:

Vida e Obra”pax. 3

Francisco X. Charlín Pérez:

“A lingua galega na obra de Valle-Inclán:

denominacións e interferencias

lingüísticas”pax. 11

Gonzalo Amoedo e Roberto Gil:

“Don Juan Manuel Pereira de Castro.

Paralelismos con don Juan Manuel de

Montenegro”pax. 43

Antonio Espejo Trenas:

“Ramón María del Valle-Inclán, héroe de

crónica en el Perú. (Un artículo olvidado de

José Carlos Mariátegui)”pax. 53

Manuel Longa Pérez:

“Alusiones a la Eucaristía en la obra de

Valle-Inclán”pax. 62

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



FRANCISCO MARÍA DEL VALLE INCLÁN

VIDA E OBRA

Xosé R. Barreiro Fernández

(Da Real Academia Galega)

D. Francisco María del Valle Inclán, personaxe máis citado que estudia¹, ten unha traxectoria biográfica un pouco excéntrica, como xa puxemos de manifesto noutra ocasión², pero prestou relevantes servizos á Igrexa, á Universidade e á cultura galega.

ORIXE E NACEMENTO

Naceu en San Martiño de Sobrán e foi bautizado o 29-II-1736. Era fillo de D. Pablo del Valle e de D^a María Antonia Inclán.

Gracias á investigación do xenealoxista P. Crespo Pozo³ sabemos que os primeiros Valle rexistrados pola historia residían en Castro Calbón (A Bañeza, León) e que no ano 1556 os irmáns D. Gaspar e D. Andrés del Valle Gijón gañan na Real Chancillería

de Valladolid carta executoria de fidalguía. Posteriormente os Valle aparecen residindo na casa do Castro (Santa María de Estaca de Bares, Mañón, Ortigueira, Coruña). Noticias do arquivo familiar de D. Carlos del Valle Inclán, citadas polo P. Crespo Pozo, indican que os Valle "eran oriúndos de una casa de su apellido que se halla entre Asturias y Vizcaya".

O avó do noso D. Francisco, D. Antonio del Valle, presentou xunto co seu irmán D. Andrés, no ano 1693 a carta executoria gañada no ano 1556 e outras probas que demostraban a súa fidalguía.

D. Antonio del Valle, oficial do exército, participou en forma moi activa na chamada Guerra de Sucesión (1701-1714). O puntual cronista desta guerra o xudeu Bacallar y Sanna, Marqués de San Felipe⁴ refírese varias veces as accións militares de D. Antonio del Valle. Ocupada Madrid polas tropas do Arquiduque D. Carlos, Felipe V monta unha ofensiva para recuperar á capital, "envió el Rey al Marqués de Mejorada con quinientos caballos a cargo de D. Antonio del Valle para recobrala", o que foi posible, sendo recibidas as tropas polo pobo de Madrid con "tantos excesos de alegría, que parecía haber enloquecido la plebe"⁵. D.

¹ Noticias sobre o noso protagonista en Filgueira Valverde, X., "Valle Inclán en su paisaje", *Museo de Pontevedra*, IX (1959), 137-142; Lasso de la Vega, Marqués del Saltillo, D. *Francisco del Valle Inclán, Bibliotecario de la Universidad de Santiago*, 1770-1795, Madrid 1943; González García-Paz, S., *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela*, Santiago 1993; Couceiro Freijomil, A., *Diccionario bio-bibliográfico de Escritores*, III, Santiago 1953, pp. 447-448.

² Barreiro Fernández, X.R., "Francisco María del Valle Inclán ou a extravagancia ó servizo da cultura", *El Catón Compostelano*. Estudos, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela 2000, pp. 15-46.

³ Crespo Pozo, Fr. Xosé S., "Datos genealóxicos de los Inclán y los Valle Inclán", *Museo de Pontevedra IX* (1959), 149-154.

⁴ Bachallar y Sanna, V., Marqués de San Felipe, *Comentarios de la Guerra de España e Historia de su Rey Phelipe V, el Animoso*, T. I, Génova (s. f.) (1725).

⁵ Bachallar y Sanna, Marqués de San Felipe, *Comentarios*, I, p. 278.



Retrato de don Francisco del Valle Inclán (1736-1804)

Antonio del Valle tamén participou na famosa batalla de Almansa que significou un duro revés para o exército do Arquiduque. Loitou así mesmo na terra de Valencia, onde ordenou queimar Cuarto, "una chica aldea, que despreció el perdón ofrecido por D. Antonio del Valle"⁶. Di o P. Crespo Pozo que foi nomeado Vicerrei de Valencia, afirmación ou noticia que non localizamos na citada obra do Marqués de San Felipe e que temos que considerar errónea porque os cargos de Vicerrei só eran concedidos á alta aristocracia, da que non participaba D. Antonio del Valle.

A súa importante participación na guerra, foi sen dúbida premiada por Felipe V, aumentando a riqueza e o prestixio familiar dos Valle.

Este D. Antonio del Valle casou con D^a María Antonia de la Peña e eran veciños de Bares.

D. Pablo del Valle y Peña, fillo de D. Antonio e de D^a Antonia, naceu en Bares e foi bautizado o 25-I-1705. Protexido pola fama familiar e polo seu parente Frei Tomás del Valle, bispo de Cádiz, viviu nesta cidade. Retornou a Galicia e casou con dona Antonia Inclán, natural da Pobra do Caramiñal.

Deste matrimonio naceu o noso D. Francisco María del Valle Inclán.

Interesa agora referirnos ós Inclán. Procedían de Asturias e tamén tiñan probada a súa fidalguía. O primeiro dos Inclán dos que fai memoria o P. Crespo, D. Antonio de Inclán, O Maior, xa vivía en Currás (Vilanova de Arousa) e debeu pasar a vivir en Caleiro (Vilanova de Arousa) ó casarse con dona María de Ocampo. O seu fillo, don Antonio de Inclán que xa naceu en Caleiro e que casou con dona María Gómez (natural

de Boiro), foi rexedor de xustiza do señorío das Xunqueiras e pasou a residir en Sobrán.

O seu fillo, don Miguel Inclán foi oficial do exército. Igual que don Antonio del Valle, do que xa fixemos memoria, loitou no exército de D. Felipe V na Guerra de Sucesión nas campañas de Italia e posteriormente en América, residindo por algún tempo en Bos Aires. Soldado de fortuna debeu merecer de Felipe V prestixio e honores.

Casou con dona Rosa Malvido e da Rúa, da casa de Rúa Nova, residindo nela ata a súa morte. No ano 1751 D. Miguel Inclán e a súa dona fundan a capela vencellada á casa de Rúa Nova.

Morreron sen descendencia, herdando a casa de Rúa Nova a súa sobriña dona Xoana Malvido que casou con D. Xosé Antonio Valle.

O matrimonio de D. Pablo del Valle e D^a María Antonia Inclán tivo varios fillos: D. Xosé del Valle Inclán que ó casar con dona Xoana Malvido recibe a casa-torre de Rúa Nova, o noso D. Francisco Antonio, D. Miguel que posteriormente foi protexido por D. Francisco introducíndoo como familiar seu no Colexio de San Clemente de Santiago, e, polo menos, outras tres irmáns: dona Dominga, dona María Xosefa e dona María Francisca⁷.

CURRICULUM

D. Francisco estudiou Artes ou Filosofía no colexio dos franciscanos de Santiago. Concluídos estes estudos, que duraban tres anos, ingresou na Universidade de Santiago para cursar nas facultades de Leis e Cánones carreiras que era habitual cursar conxunta-

⁶ Bachallar y Sanna, Marqués de San Felipe, *Comentarios*, I, p. 242. Noutro lugar (*Comentarios*, I, p. 309) dise que o 8-V-1707, ocupada a cidade de Valencia, foi enviado D. Antonio del Valle, cun destacamento para recibir en nome do Rei, a homenaxe e sometemento da cidade de Valencia.

⁷ A información xenealóxica que utilizo, está tomada do P. Crespo Pozo. O lector, sen embargo, deberá ter en conta o artigo de Gonzalo Allegue en *Cuadrante* nº 2: "A Rúa Nova: crónica familiar", que prantexa razoables dúbidas sobre a traxectoria militar dalgúns dos nomeados máis arriba.

mente. No ano 1753 tiña cursados 4 anos de Leis e 2 de Cánones. Descoñecemos por qué razón (pero moi posiblemente porque temía algún tipo de censura por parte do profesorado que o debía vulgar) decide trasladar a matrícula á Universidade de Ávila na que se gradúa de bacharel en cánones neste ano. De inmediato retorna a Santiago e no mesmo ano gradúase de bacharel en Leis nesta universidade, o que parece confirmar as nosas sospeitas de que a graduación en Cánones en Ávila foi para escapar dalgunha represalia.

Xa graduado de bacharel en Leis e Cánones, titulación que o facultaba para substituír cátedras (non para ser titular das mesmas) e para ocupar postos na administración, decide marchar a Madrid. Nesta cidade atopa a protección do Fiscal do Consello de Facenda, D. Diego Ibar Navarro, quen o emprega na administración e dalle pasantías durante 4 anos para obter o título de Avogado dos Reais Consellos para o que non se precisaba o título de Licenciado.

No ano 1758 retorna a Santiago con dous obxectivos: obter unha beca no Colexio de Pasantes de San Clemente (co que tiña garantida a súa sustentación ata atopar un destino conveniente) e concluír a súa carreira en Leis e Cánones que deixara interrompida no ano 1753.

O 30-V-1758 obtén a beca colexial, no ano 1761 gradúase de Licenciado en Leis en Santiago, un ano despois, en 1762, gradúase de Licenciado en Cánones. Neste mesmo ano o 1-V-1762 obtén o doutorado en Cánones e xa en 1765 o doutorado en Leis.

Non era nada habitual estes cortes e suspensións dos estudos e moito menos obter o título de Avogado dos Reais Consellos sen rematar previamente a carreira. Ponse de manifesto xa desde a súa xuventude unha certa anarquía dos comportamentos ou, si se quere mellor, unha actitude pouco habitual nos usos universitarios daquela época.

Na Universidade cubriu varias disciplinas vacantes como profesor substituto ata

que no ano 1770 obtén en propiedade a cátedra de Código da Facultade de Leis de Santiago.

Seguía vivindo no colexio de San Clemente do que foi Rector en tres ocasións, privilexio que non era difícil de obter se temos en conta que a penas había catro ou cinco colexiais e, por iso, tiñan que tornarse nos cargos de goberno. Como Rector foi un pésimo administrador, xa que consta que o rendemento de contas que facía, sempre a destempo e a requirimento dos colexiais, era pouco satisfactoria por "muchas partidas falsas o por equivocación o por poca legalidad"⁸.

No ano 1774 e sendo Rector foi obxecto dunha especie de moción de censura, acordando os colexiais expulsalo do Colexio, xunto co seu irmán D. Miguel que levaba unha vida escandalosa, alborotando o Colexio "con gritería de varios soldados y otros estudiantes y mujeres que concurrían a acompañarle jugando y divirtiéndose en tocar vigüelas y bailes en el cuarto... de manera que más parece un bodegón que cuarto de una casa ejemplar de estudios"⁹. A pretensión dos colexiais resultou frustrada polo que respecta a D. Francisco que logrou ser defendido na súa pretensión de permanecer como colexial polo Oidor da Real Audiencia da Coruña, D. Andrés Burriel, que sentenciou no seu favor.

En Santiago estableceu íntima amizade con outro ex colexial de San Clemente, D. Miguel Antonio de Montes Piñeiro, cóengo da catedral de Santiago e catedrático de Sagrada Escritura na Universidade. Montes Piñeiro era no ano 1772 Vicerrector da Universidade, pero Rector en exercicio ata 1776. Valle Inclán forma parte do grupo que apoia a Montes Piñeiro. Este, que confía

⁸ González García-Paz, S., *O Colexio de San Clemente*, op. Cit. P. 208-209.

⁹ González García-Paz, S., *O Colexio de San Clemente*, op. Cit. Pp. 208-209.

absolutamente en Valle, decide envialo no ano 1772 a Madrid para que na capital actúe como unha especie de delegado permanente da Universidade de Santiago, xestionando diversos asuntos, adquirindo libros para a Biblioteca e, sobre todo, informando ó Real Consello nas solicitudes de cátedras, proxectos de estudos, etc. da Universidade.

O primeiro que logra Valle en Madrid foi o nomeamento ó seu favor da cátedra de Prima da Facultade de Leis, a máis remunerada. Unha cátedra que foi atendida por substitutos desde 1773 ata 1779, período que pasou Valle en Madrid. O Claustro manifestase contrario á súa estancia na capital e, sobre todo, non atopa xustificación para o pago das elevadas sumas que Valle reclama polos seus servicios.

En 1776 cae o seu protector Montes Piñeiro e é nomeado Rector D. Xoán Serrano. Valle comprende que perdeu o favor do Rector e decide retornar a Santiago no ano 1779.

Xa en Santiago lidera ó grupo de oposición ó Rector Serrano, chegando ó extremo de impedirlle a Serrano presidir os claustros. Sabendo ou coñecendo as ilegalidades, Valle Inclán non só impediu ó Rector o exercicio do seu poder para presidir os claustros senón que ademais chegou el mesmo a presidir varios destes claustros que posteriormente o Consello Real anulou.

Como a situación era insostible, os líderes dos dous bloques deciden que sexa o Consello Real quen resolva os problemas. Isto determina que novamente Valle Inclán viaxe a Madrid no ano 1779.

O Consello Real decidiu manter a Serrano e Valle Inclán e outros profesores que mais se destacaran no conflito, foron suspendidos de voz e voto no Claustro por bastante tempo.

Retorna a Santiago novamente, sabendo que na Universidade perdera o poder e que lle agardaban tempos difíciles. Como catedrático era pouco cumpridor, sendo notables as súas ausencias na cátedra o que pode

explicarse pola serie de responsabilidades que foi asumindo alleas á Universidade. Sabemos que traballou de avogado, foi asesor de rendas reais do xulgado de Santiago; o arcebispo Raxoi, que o debía ter en gran estima, nomeouno xuíz eclesiástico e suplía as ausencias do xuíz provisor do arcebispado; así mesmo foi consultor do Santo Oficio e membro da Real Sociedade Económica de Santiago. Demasiadas responsabilidades para poder cumprir dignamente na cátedra.

No ano 1788 solicita da Universidade a súa xubilación por levar 18 anos de catedrático e outros 10 de profesor substituto. Pide, por conseguinte, a xubilación cando só conta 52 anos o que xustifica a nosa impresión de escaso entusiasmo pola docencia universitaria. O Claustro, no que non contaba con apoios, negouse a tramitala xubilación aducindo que os anos de servicios prestados non eran reais xa que as súas ausencias foran numerosas e non sempre xustificadas.

Ante a negativa do Claustro decide marchar a Madrid para premer ante o Consello Real e obter a xubilación. Chégalle esta por Real Cédula do 6-VIII-1795. O Consello Real concedíalle a metade do soldo e o premio honorífico e sen soldo de Oidor da Real Audiencia de Galicia.

D. Francisco María del Valle Inclán foi célibe toda a vida. Descoñecemos cando se ordenou de ordes menores e das ordes maiores só recibiu a de subdiaconado, o que resulta tamén unha decisión extravagante. Que se ordenara de ordes menores parece lóxico porque esto capacitábao para optar a un beneficio eclesiástico non curado. Pero ordenarse de subdiácono significaba asumir todas as responsabilidades (o voto de castidade entre outras) e sen embargo non gozar dos privilexios inherentes ó sacerdocio.

O feito de decidir non ordenarse de presbítero resulta moi estraño e poucos casos coñecemos parecidos. Aparte de razóns dunha conciencia moi escrupulosa acórrese-nos, como explicación máis lóxica, a seguin-

te: ordenarse de presbítero significaba que tiña que optar a unha parroquia ou a un beneficio eclesiástico, pero iso implicaba ter que deixar o Colexio porque non era compatible dispor dun beneficio inamovible e manter a residencia colexial. Polo contrario, manténdose como subdiácono só podía dispor de beneficios sinecura e estes non eran inamovibles. Por conseguinte non había incompatibilidade algunha para seguir como colexial.

Por iso aproveitouse toda a vida dun beneficio simple na parroquia de San Martín de Sobrán, ata a súa morte. Polo demais, o clero considerábao como un membro do mesmo, aínda que carecía da facultade de dicir Misa.

Os seus derradeiros anos debeu pasalos xa na Casa-Torre de Sobrán, na casa de súa cuñada e do seu irmán, porque aquí foi onde morreu. Sabemos, porque o dí Murguía, que se conservaba a memoria da habitación na que escribía e estudiaba e na que deixou moitos manuscritos que desapareceron nun incendio que sufriu a casa.

Morreu o 31-X-1804¹⁰. Fixo testamento ante o escribán D. Xosé Briones, de San Adrián de Vilariño, mandando que se dixeran pola súa alma 300 misas e deixou como cumpridores ó irmán D. Xosé Antonio del Valle, ó seu sobriño D. Xoán Manuel e a D. Francisco María Patiño, todos veciños de Sobrán. Trinta sacerdotes acompañaron ó cadáver de D. Francisco, que foi enterrado "a un lado de la puerta travesa de esta iglesia de San Martín de Sobrán".

OBRAS

Carré Aldao¹¹ atribúelle dous traballos ou escritos contra Masdeu, un, no que "con gran

entereza y acopio de datos y razones" defendía o chamado Voto de Santiago contra o que Masdeu escribira no Suplemento I do tomo XVI da súa magna obra *Historia Crítica de España*¹², e outro sobre o celtismo, tamén contra Masdeu. Carré non cita os títulos destas supostas obras.

Como xa demostramos noutro lugar¹³ estamos ante unha confusión de Carré, seguida, pola inercia intelectual deste país, por outros autores posteriores. Carré refírese, sen indicalo, a unha obra titulada *Disertación remitida á Roma en defensa del Diploma de Ramiro I* que apareceu anónima e que nada indica nela que fora redactada por Valle-Inclán, nin coincide co seu estilo.

Polo que respecta ó celtismo, Carré, que non puido ler o *Catón Compostelano* porque este xornal non aparecera íntegro, confunde as referencias que Valle-Inclán fai ó celtismo no periódico Catón cunha suposta obra contra Masdeu. A proba máis evidente é que Masdeu, que nunca deixaba sen refutar as críticas que recibía, non aluda para nada a esta suposta obra.

As únicas obras que se lle coñecen, aparte de Informes elaborados por encargo da Universidade que, por iso, non levan o seu nome, ou de escritos como a *Relación de méritos*¹⁴, son o *Catón Compostelano*, primeiro xornal de Galicia, e unha obra manuscrita titulada *Prenociones a la inteligencia de las Santas Escrituras*.

O *Catón Compostelano* foi fundado por Valle-Inclán no ano 1800 e por iso foi o primeiro xornal ou revista periódica de

¹⁰ Arquivo Diocesano de Santiago, (Fondos Parroquiais, Sobrán, Defuntos)

¹¹ Carré Aldao, E., "El primer periódico gallego. El Catón Compostelano", BRAG, 101 (1916), pp. 107-111.

¹² Masdeu, J. F., *Historia Crítica de España y de la cultura española*, 21 tomos (Madrid 1784-1805). Unha das obras fundamentais do século XVIII e comezos de XIX.

¹³ Barreiro Fernández, X. R., *Francisco María del Valle Inclán*, vid. Nota 2, pp. 34-35.

¹⁴ Foi publicada por González García-Paz, *O Colexio*, op. Cit. Pp. 359-361.



Claustro do Pazo de Fonseca. Santiago de Compostela (Arquivo Editorial NIGRA)

Galicia¹⁵. A tirada debeu ser tan curta que non se coñecía máis que unha colección completa do xornal. Na Biblioteca Nacional había 16 números e era a máis completa, xa que consta de 21 números. Nas bibliotecas galegas só había tres números. Por iso tódolos historiadores que se referían ó *Catón Compostelano* fundamentábanse nos números coñecidos.

A Consellería de Cultura adquiriu, fai a penas dous anos, a única colección conservada e o Consello da Cultura de Galicia publicou o orixinal e un libro de Estudos sobre o mesmo¹⁶. A aparición pública do primeiro xornal ou revista galega foi un acontecemento cultural como salientaron os medios de comunicación social.

O *Catón*, que durou 21 números, non foi escrito exclusivamente por Valle Inclán, aínda

que a súa pluma foi cuantitativamente a máis importante. Quixo que o seu periódico fora unha especie de púlpito que puideran utilizar outras moitas persoas. De feito sabemos que (sempre en forma anónima ou escondidos en pseudónimos ou en siglas) varios intelectuais colaboraron nas súas páxinas.

Masdeu, moi atento a todo o que se escribía no seu favor ou en contra, e que dispuña en Santiago dun informador, contestou ás críticas que se lle fixeron neste periódico en forma bastante airada¹⁷.

O *Catón* non era un periódico informativo senón doutrinal. Cunha finalidade didáctica e un pouco pastoral, Valle e os demais colaboradores impartían doutrina, unha doutrina ilustrada, pouco atenta ós avances experimentados no mundo. Lendo as súas páxinas parece que aínda non tivera lugar a Revolución Francesa.

¹⁵ Aparecido no ano 1800, descoñecemos cando rematou xa que ningún número agás do primeiro, leva data. Saíron 21 números.

¹⁶ *Catón Compostelano*, Ed. do Consello da Cultura Galega, Santiago 1999.

¹⁷ Masdeu, *Historia Crítica*, Tomo XXI, Madrid 1805.

Sabemos que concluíu esta obra cando estaba en Madrid, no ano 1779. Como pretendía que esta obra servira para proxectar cambios profundos tanto no ensino das linguas clásicas como na elaboración dunha nova edición Políglota da Biblia en España, parece ser que remitiu un exemplar ó Rei, a través do Secretario do Estado, Conde de Floridablanca, e outro ó Papa Pío VI.

Resulta sorprendente que Valle-Inclán, que era catedrático da Facultade de Leis, non publicara cousa algunha xurídica e, en troques, a súa obra máis importante se refira á Sagrada Escritura.

Consta que tiña unha boa formación da lingua hebrea (que el mesmo di lle ensinou un hebreo, pero católico), da lingua grega, latín e posiblemente dalgunha outra lingua clásica, dada a familiaridade coa que escribe sobre o caldeo e outras linguas.

A tese central da súa obra é a seguinte: o texto oficial da Biblia (de acordo co Concilio de Trento) é a Vulgata latina. Pero a Vulgata, atribuída como se sabe a San Xerome, non puido ter en conta os centos de manuscritos que foron aparecendo. Valle quedou abraiado cando tivo nas súas mans a edición do Antigo Testamento realizada por Kennicott e publicada en Oxford entre 1776 e 1780, en base ós 700 manuscritos estudados. Entende Valle que a edición da Vulgata contén innumerables erros que, as veces, afectan a partes substanciais do texto bíblico. Por iso propón unha edición Políglota, que realice no século XVIII o papel da Políglota de Cisneros.

O libro contén moitas críticas e, sobre todo, un proxecto valente que rozaba en moitas ocasións coa ortodoxia establecida, non en materia dogmática senón unicamente na cuestión de declarar auténtica unicamente a edición da Vulgata o que para Valle significaba un disparate.

Lamentablemente as críticas e razoamentos de Valle non foron escoitados. Máis aínda, porque nun artigo aparecido no *Catón* aplicara a súa crítica ó texto bíblico e rexeitara a existencia dun patriarca, chamado Kainan, no Antigo Testamento, porque a crítica esexética demostraba que este pseudo-profeta fora introducido na Vulgata en forma escasamente correcta, o Santo Oficio, por decreto do 18-III-1801 obrigou a borrar a frase e non contento con iso introduciu o *Catón Compostelano*, namentres non se fixera esa corrección, no *Índice de Libros Prohibidos* do ano 1805.

Valle Inclán xa non puido saborear a agri-doce experiencia de ver o seu nome no Índice, porque morrera no ano 1804, pero coñecendo a súa capacidade subversiva (da que lamentablemente a penas falamos neste artigo) é moi posible que a condena provocara nel unha reacción que o levaría, polo menos, a redactar algún escrito contra a Santa Inquisición, denunciando a súa ignorancia e os atrancos que poñía ó avance da ciencia eclesiástica. Para iso lle sobaban folgos e suficiente coñecemento do Santo Oficio por dentro xa que por algo fora Consultor durante anos do mesmo.

A non publicación da súa obra *Prenociones*, cuio texto D. Ramón del Valle Inclán, pai do gran escritor, doou a Murguía, e hoxe atópase no Arquivo da Real Academia Galega, impediu que o noso D. Francisco fora coñecido en toda España. Pero basta que fora o fundador do primeiro periódico de Galicia para que a súa gloria sexa perenne.



Obras sobre Valle-Inclán en Edicións do Castro

- Cartas eruditas e literarias a Murguía. Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez e Ramón del Valle Inclán y Peña, ed. de Xaquín del Valle-Inclán Alsina e Alfonso Mato.
- Mascarón de proa. Aportaciones al estudio de la vida y de la obra de Don Ramón María del Valle-Inclán y Montenegro, de José Rubia Barcia.
- La crueldad y el horror en el teatro de Valle-Inclán, de Juan Carlos Esturo.
- El mundo gallego de Valle-Inclán, de William J. Smither.
- Teoría y práctica de los géneros dramáticos en Valle-Inclán, de Pilar Cabañas Vacas.
- Goya en el esperpento de Valle-Inclán, de Luis Lorenzo Rivero.
- El fantasma de Valle-Inclán, de Borobó.
- El expresionismo en Valle-Inclán, de Carlos Jerez Ferrán.



EDICIÓNS DO CASTRO
DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUÑA

Tfnos. 620 200 e 620 937


Fax 623 804



CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA




O noso compromiso **Unha provincia para o século **XXI****



*estradas
instalacións*



*deportes
natureza*



*educación
servicios*



*tecnoloxía
cultura*



DEPUTACION DA
CORUÑA

Verdi y el XIX

49º Festival de Ópera de La Coruña • 2001

7 de septiembre • 20,30 h.
RECITAL LÍRICO

13 de septiembre • 20,30 h.
RICHARD WAGNER
DIE WALKÜRE (ACTO III)

S. Ott.

19 y 21 de octubre • 20,30 h.
GIUSEPPE VERDI
UN GIORNO DI REGNO


2 de noviembre • 20,30 h.
G. VERDI
MESSA DI REQUIEM




Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña



REPSOL
YPF





Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos